

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	CIENCIAS NATURAIS	Páx	1
Curso / Ciclo	5º Primaria		
Profesor/a			

CONTIDOS

(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)

1ª avaliación

Os seres vivos: Características, funcións. A célula. Os reinos.

As plantas: Nutrición, reprodución. Clasificación.

Os ecosistemas: Elementos, tipos e relacións.

2ª avaliación

A relación humana (I): Función de relación, os sentidos, sistema nervioso..

A relación humana (II): O sistema nervioso, esqueleto e músculos.

Ciencia e saúde: Enfermidades, prevención, medicina e avances.

3ª avaliación

A materia e as súas propiedades: Definición, clasificación e propiedades.

A enerxía, forzas e cambios: Formas de enerxía, luz, electricidade, cambios...

A enerxía e o ser humano: transformación, obtención, máquinas e enerxía

OBXECTIVOS

(A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)

1ª avaliación:

-Identificar, describir e clasificar animais e plantas.

-Recoñecer os diferentes niveis de organización do corpo humano ,os aparellos e os órganos.

-Analizar a función de reprodución nas plantas.

- Coidado e mantemento dos ecosistemas.

2ª avaliación:

-Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado corporal que derivan do coñecemento do corpo humano.

-Coñecer as principais características do noso corpo nas función de relación.

-Diferenciar as propiedades ,os estados e os cambios de estado da materia.

3ª avaliación:

-Diferenciar as propiedades ,os estados e os cambios de estado da materia.

-Coñecer distintos tipos de enerxía, así como a importancia do seu consumo razoable.

-Participar en actividades de grupo adoptando un comportamento construtivo e de respecto polos demais compañeiros e compañeiras e interiorizar as normas de funcionamento democrático no grupo escolar.

METODOLOXÍA

A metodoloxía ha de ser activa e favorecer a interacción dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

A linguaxe utilizada ha de ser clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación sera:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que lle achega á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
- **Continúa**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.
- **Inicial**, proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno, co que achega unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos.

Os instrumentos a utilizar: a observación directa do traballo diario no caderno de clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comproba-la adquisición de coñecementos.